



## ACTA Nº 5 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO "CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON".

### ASISTENTES:

**Presidente:** D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

### Vogais:

D. Francisco Javier Quiñoy Taboada (Concelleiro Delegado de servizos sociais e promoción económica)

D<sup>a</sup>. Patricia Fernández Pérez (interventora do Concello).

D<sup>a</sup>. Isabel García Santos (traballadora social do Concello).

D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretario:** D. Juan Manuel Blanco Rodríguez (técnico de Xestión do Concello).

**HORA DE INICIO:** 11:00 horas.

**HORA DE REMATE:** 11:40 horas.

No Salón de Sesiões do Concello de Porto do Son, o 7 de novembro de 2013, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento de contratación da xestión do servizo público "Centro de Día de Porto do Son" (cláusula 18.1 do prego de áusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

Excusa a súa ausencia D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de economía e facenda).

Verificada a válida constitución da Mesa de Contratación, procédese a tratar os asuntos que se indican a continuación:

**1.- Alegación do licitador AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. en relación coa puntuación outorgada na 1ª fase de valoración das proposicións ("Criterios non avaliados automaticamente").**

**2.- Clasificación, por orde decrecente de puntuación, das proposicións dos licitadores e proposta de adjudicación do contrato de xestión do servizo público "Centro de día de Porto do Son".**

\*\*\*\*

**1.- Alegación do licitador AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. en relación coa puntuación outorgada na 1ª fase de valoración das proposicións ("Criterios non avaliados automaticamente").**

Dada conta da alegacións presentada polo empresario AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. en relación coa puntuación outorgada na fase de valoración dos criterios de adjudicación non avaliados automaticamente na que expón, en esencia, que:

- na valoración outorgada á memoria presentada por esa entidade non se tiveron en conta as consideracións que realizou en canto á concreción da súa proposta para o Centro de Día de Porto do Son;



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- considera desmesurada e allea ao obxecto da licitación a avaliación de actividades dirixidas a persoas con demencias neurodexenerativas, por canto requiren dunha regulación específica referida a outro tipo de centros de día.

Visto o informe de data 26 de novembro de 2013 emitido polo órgano responsable da valoración dos criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente en relación coa alegación presentada e no que se fai constar:

*“Con respecto ás alegacións presentadas por D. Alberto Arias Pérez, administrador único da entidade “AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L.” sobre a puntuación recibida, indicar que o que eles entenden como Memoria de Actividades no prego especificase Memoria de Xestión para o que nos establecemos criterios seguindo o indicado no prego sobre que aspectos valorar para determinar a calidade da solución proposta.*

*Da documentación recibida ao centrarse só nunha memoria de actividades consideramos difícil avaliar os aspectos referidos á eficiencia na utilización de equipamentos e bens e a eficiencia na xestión do servizo público para o que consideramos relevante cando menos citar a experiencia da empresa na xestión deste tipo de servizos tanto no tempo como o número e relación de servizos xestionados de características semellantes, ter certificacións de calidade e medioambientais, contar con recursos materiais e humanos de apoio que a empresa pon ao servizo da xestión, especificar política de formación permanente e/ ou actualización dos profesionais, referir programas de promoción para a captación de usuarios,... todos eles aspectos que consideramos relevantes nun proxecto de xestión”.*

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por catro votos a favor e cunha abstención (Sr. Quiñoy Taboada), **ACORDA:**

**Único.-** Desestimar a alegación formulada polo licitador AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. en relación coa puntuación outorgada na fase de valoración dos criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente, polos motivos expostos no informe do órgano responsable da súa valoración transcrito.

## 2.- Clasificación, por orde decrecente de puntuación, das proposicións dos licitadores e proposta de adxudicación do contrato de xestión do servizo público “Centro de día de Porto do Son”.

Por indicación do Sr. Alcalde- Presidente, o secretario do concello dá conta da puntuación total acadada polos licitadores na fase de valoración da súa oferta económica, segundo o informe emitido polos servizos económicos municipais, e que é a seguinte:

CRITERIO ADXUDICACIÓN	LICITADOR				
	AGRUPACIÓN ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L.	ATENDO CALIDADE, S.L.	CONF. GALEGA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	GERPESA SOCIAL, S.L.
<b>1. PREZO</b>					
a) Estancia xornada completa	5,00	3,94	4,15	4,02	4,07
b) Estancia 1/2 xornada	4,00	3,71	3,75	3,87	3,78
c) Manutención	2,39	3,00	2,24	2,26	2,46
d) Estancia inf. 1/2 xornada	2,88	2,88	2,90	3,00	2,96
e) Transporte curto percorrido	1,96	3,00	1,83	1,85	2,05
f) Transporte longo percorrido	1,42	3,00	1,32	1,34	1,50
<b>2. MELLORAS</b>					
a) Servizo podoloxía gratuíto	3,00	3,00	3,00	0,00	0,00
b) Servizo perruquería gratuíto	3,00	3,00	3,00	0,00	0,00
c) Actividades gratúitas	3,00	3,00	3,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>26,65</b>	<b>28,53</b>	<b>25,19</b>	<b>16,34</b>	<b>16,82</b>



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Visto canto antecede e considerando as puntuacións acadadas polos licitadores na 1ª fase de valoración das proposicións ("Criterios non avaliados automaticamente"), a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Clasificar, por orde decrecente de puntuación, as proposicións dos licitadores admitidos na licitación do contrato de xestión do servizo público "Centro de Día de Porto do Son" segundo se indica a continuación:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN		
		Criterios non avaliados automaticamente	Criterios avaliados automaticamente	TOTAL
1	CONF. GALEGA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	17,00	25,19	42,19
2	ATENDO CALIDADE, S.L.	13,00	28,53	41,53
3	AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L.	7,00	26,65	33,65
4	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	14,00	16,34	30,34
5	GERPESA SOCIAL, S.L.	12,00	16,82	28,82

**Segundo.-** Elevar ao órgano de contratación proposta para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público "Centro de Día de Porto do Son" de conformidade coa clasificación das proposicións que se efectuou.

Porto do Son, a 11 de decembro de 2013

Presidente,

  
D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

  
D.ª Patricia Fernández Pérez.

Vogal,

  
D. José Manuel González García.

Vogal,

  
D. Javier Quiñoy Taboada.

Vogal,

  
D.ª Isabel García Santos.

Secretario,

  
D. Juan Manuel Blanco Rodríguez.

